



CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL 22 MONITORES DE OCIO E TEMPO LIBRE PARA O MES DE XULLO E CATRO NO MES DE AGOSTO E UN DIRECTOR/A PARA XULLO E AGOSTO DE 2021.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal para o programa diververán 2021

ANTECEDENTES:

A Deputación Provincial da Coruña aprobou a concesión definitiva do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ adicional 1/2021 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios, dentro deste plan estaba contemplado na liña e) reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.

Por todo o exposto DECRETO:

.

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para contratar en réxime laboral temporal de un director/a de actividades de tempo libre para os meses de xullo e agosto e de vinte e dous monitores do ocio e tempo libre para o mes de xullo e catro monitores de ocio e tempo libre para o mes de agosto de 2021 para as actividades de conciliación nos meses de verán 2021.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Rois, na data da sinatura electrónica

O alcalde,

Ramón Tojo Lens

O secretario ,

Diego Losada Romero